

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE DO PERSOAL DOCENTE DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ (STA)
CURSO 2023/24****CORRECCIÓN DE ERROS**

Na convocatoria onde di:

5. CONDICIÓN ECONÓMICAS E IMPORTE DAS BOLSAS**Importe das bolsas**

1. Bolsa de aloxamento e manutención: as cantidades dependerán do país de destino. Para o cálculo do importe **computaranse só os días da estadia nos que se imparta a docencia/formación (polo que deberán xustificarse os días exactos de docencia/formación previstos no acordo de docencia/formación e no certificado final).**

Para os participantes que realicen a mobilidade física en destino facendo unha **viaxe ecolóxica**, é dicir, utilizando medios de transporte con baixas emisións (por exemplo, autobús, tren, coche eléctrico ou coche compartido) no treito principal do traxecto entre A Coruña/Ferrol e a cidade de destino e no regreso, financiaranse ata 4 días de viaxe (4 días para viaxes de máis de 2000km ou 2 días para viaxes ata 1999km).

9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS**C) PRAZOS DE RESOLUCIÓN E ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS**

Seguindo as instrucións actualizadas de Erasmus + non se poderán conceder bolsas ás mobilidades xa realizadas, polo que:

1. Os prazos de resolucións das bolsas serán:

O último día hábil de cada mes, sendo a primeira resolución no mes de xullo de 2023, para solicitudes recibidas ata **CATRO DÍAS ANTES** do dito día hábil no mes natural no cal se publicará a resolución, agás na resolución do mes de decembro, na cal por razóns do peche do ano económico só se incluírán as solicitudes completas recibidas ata o 10 de decembro. As solicitudes recibidas entre o 11 e o 31 de decembro incluíranse na resolución do mes de xaneiro 2024, sempre e cando se axusten ao requirido na convocatoria. Estas solicitudes deberán **incluír OBRIGATORIAMENTE os acordos de mobilidade STA previamente aprobados polos centros de destino**. Calquera mobilidade que se realice antes da correspondente resolución considerárase mobilidade con "Bolsa cero".

Modificar o prazo de presentación e resolución das axudas da Convocatoria STA para o mes de decembro, establecendo como prazo límite de resolución o 15 de decembro incluíndo todas aquelas solicitudes completas recibidas ata dous días hábiles antes da dita data.

Código Seguro De Verificación	ib5xApbkSJt97A0yJwHr4w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	02/11/2023 09:30:56
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ib5xApbkSJt97A0yJwHr4w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Debe decir:

5. CONDICIÓN ECONÓMICAS E IMPORTE DAS BOLSAS

Importe das bolsas

1. Bolsa de aloxamento e manutención: as cantidades dependerán do país de destino. Para o cálculo do importe **computaranse só os días da estadía nos que se imparta a docencia/formación (polo que deberán xustificarse os días exactos de docencia/formación previstos no acordo de docencia/formación e no certificado final)**, e máximo 2 días de viaxe (máximo 4 días no caso de viaxe ecolóxica), sempre que os días de viaxe de ida e volta non coincidan cos días de docencia e formación.

Para os participantes que realicen a mobilidade física en destino facendo unha **viaxe ecolóxica**, é dicir, utilizando medios de transporte con baixas emisións (por exemplo, autobús, tren, coche eléctrico ou coche compartido) no treito principal do traxecto entre A Coruña/Ferrol e a cidade de destino e no regreso, financiaranse ata un máximo de 4 días de axuda individual (4 días para viaxes de máis de 2000km ou 2 días para viaxes ata 1999km).

9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

C) PRAZOS DE RESOLUCIÓN E ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS

Segundo as instrucións actualizadas de Erasmus + non se poderán conceder bolsas ás mobilidades xa realizadas, polo que:

2. Os prazos de resolucións das bolsas serán:

O último día hábil de cada mes, sendo a primeira resolución no mes de xullo de 2023, para solicitudes recibidas ata CATRO DÍAS ANTES do dito día hábil no mes natural no cal se publicará a resolución, agás na resolución do mes de decembro, na cal por razóns do peche do ano económico só se incluírán as solicitudes completas recibidas ata o catro días hábiles antes do 15 de decembro, data da resolución do dito mes de decembro. Estas solicitudes deberán **incluir OBRIGATORIAMENTE os acordos de mobilidade STA previamente aprobados polos centros de destino**. As solicitudes recibidas entre o 12 e o 31 de decembro incluíranse na resolución do mes de xaneiro 2024, sempre e cando se axusten ao requirido na convocatoria. Calquera mobilidade que se realice antes da correspondente resolución considerárase mobilidade con "Bolsa cero".

Código Seguro De Verificación	ib5xApbkSJt97A0yJwHr4w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	02/11/2023 09:30:56
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ib5xApbkSJt97A0yJwHr4w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

